

# EDULCORAR A VERDADEIRA SITUACIÓN NAS RESIDENCIAS ?

## Comunicado de Prensa da Alianza Galega polos Servizos Públicos para Maiores e Dependentes<sup>1</sup>

04/04/2020.

A Xunta de Galicia ten establecido un formato da información pública sobre o que está a suceder en relación co coronavirus nas residencias de maiores e discapacitados, que é profundamente confuso. Só confuso?, ou tamén está deseñado para edulcorar a situación actual, así como a previa ao coronavirus, das residencias?.

A Consellería de Sanidade informa diariamente do número total de casos diarios e acumulados de coronavirus en Galicia, así como da súa distribución por Áreas Sanitarias; a Consellería de Sanidade tamén informa de cantos permanecen na UCI, cantos están en unidades de hospitalización e cantos están no seu domicilio. Nesa información non se inclúen datos diferenciados sobre o número de persoas usuarias das residencias que están ingresados nos hospitais ou das que morreron neles.

Pola súa banda, a Consellería de Política Social informa diariamente da situación do coronavirus nas residencias, dando datos do nº de usuarios das residencias que ese día son positivos a coronavirus, así como do nº dos que faleceron na propia residencia que tamén eran positivos. Debe subliñarse que esa información non é publicada na web da propia Consellería de Política Social, senón que esta a remite aos medios de comunicación quen, loxicamente, publícaa completa ou parcialmente e no formato que considera pertinente.

E que pasa cos usuarios das residencias que requiriron ingreso hospitalario polo coronavirus, ou que morreron no hospital por ese motivo?. A información sobre a súa situación non é accesíbel para os familiares, nin para os medios de comunicación, nin para a poboación en xeral que queira saber que está pasando nas residencias.

Sorprendentemente (?) o resultado é que a información que emite a Xunta de Galicia, concretamente a Consellería de Política Social, diariamente sobre a situación nas residencias de maiores e dependentes está fortemente sesgada. Da unha imaxe falsa, edulcorada, da realidade deses centros ao non incluír a información das e dos residentes que están ingresados ou que morreron nos hospitais.

Desde a **Alianza Galega polos Servizos Públicos para Maiores e Dependentes**, esperamos que esa imaxe edulcorada da situación das residencias non sexa intencionada, e sexa froito da confusión característica do momento actual.

---

<sup>1</sup> A **Alianza Galega polos Servizos Públicos para Maiores e Dependentes (ASSP)** constituíuse para defender uns servizos sociais (residencias, servizos de atención no fogar, servizos de día, ...) de calidade, diversificados, en numero suficiente, de proximidade e ao alcance de todos, e plenamente públicos, dirixidos aos maiores e os dependentes. A "Alianza" está constituída, inicialmente polos seguintes colectivos sociais: a Federación de Usuarios e Familiares das Residencias (REDE), as Traballadoras das Residencias de Galicia (TREGA), e o Movemento en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos (MODEPEN), tres colectivos sociais que, respectivamente, tentamos defender, e en certa medida representar, os intereses dos usuarios das residencias e dos seus familiares, das persoas que traballan nesas residencias, así como os das persoas pensionistas maiores, que na súa grande maioría teñen 65 ou máis anos e/ou son dependentes.



Esperamos que desde a Xunta non se pretenda ocultar a realidade do que está pasando nas residencias, nin que se queira contrarrestar a luz que, esta crise do coronavirus, está deixando claro cal é a realidade de como estaban as residencias xa antes do coronavirus. Esa realidade caracterizábase pola súa enorme privatización, os seus carísimos prezos, o incumprimento sistemático dos ratios e a precariedade do persoal, así como por unha calidade da atención moi mellorábel.

Porque esperamos que edulcorar a realidade non sexa o motivo fundamental de que se estea a presentar a información como se está a facer, queremos solicitarlle a Xunta de Galicia en aras da transparencia e do dereito dos cidadanía a estar ben informada, **que a Consellería de Política Social dea diariamente INFORMACIÓN CLARA E DESAGREGADA POR RESIDENCIA E DÍA** sobre os seguintes aspectos:

1. Nº tests de coronavirus realizados ás persoas que permanecen na residencia
2. Nº casos novos positivos entre os usuarios que permanecen na residencia
3. Nº de casos positivos que precisaron ingresar e permanecen nun hospital
4. Nº casos positivos dados de alta nun hospital e que volveron á residencia
5. Nº de defuncións entre os usuarios que permanecían na residencia.
6. Nº de defuncións de usuarios positivos que estaban ingresados nun hospital.
7. Nº de residentes previamente positivos que se considere que superaron a infección (tiveron resultados negativos nos tests, ...)

Federación de Usuarios e Familiares das Residencias (REDE)	Traballadoras das Residencias de Galicia (TREGA)	Movemento Galego para a Defensa das Pensións Públicas (MODEPEN)
Xosé BERNANDEZ SOLLA. 619955224	Sonia JALDA CORES. 610327938	Francisco L. VÁZQUEZ VIZOSO 616493971
Paulino CAMPOS	Isabel BARREIRO TABOADA	Gonzalo BALO MOSQUERA

